CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/4
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, mércores 16 de abril de 2025 -

No día da data, ás 12:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO
REBECA RIAL DIZ

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na
ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DO ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DA CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2025
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CONCELLO DE DODRO.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bos días a todos, imos iniciar o Pleno extraordinario convocado para hoxe, 16 de abril ás 12 , cando son as 12 e 4 minutos co primeiro punto da orde do día".*

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DELEGACIÓN DO ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DA CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2025/G006/000118
ASUNTO: DELEGACIÓN DO ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DA CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR PARTE DO PLENO
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO

A Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos recolle no seu artigo 24 o seguinte:
"Tendrán la consideración de precios públicos las contraprestaciones pecuniarias que se satisfagan por la prestación de servicios o la realización de actividades efectuadas en régimen de Derecho público cuando, prestándose también tales servicios o actividades por el sector privado, sean de solicitud voluntaria por parte de los administrados."
O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais indica que no seu artigo 47 apartado 1 que:
"1. El establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Comisión de Gobierno, conforme al artículo 23.2.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local."
No mesmo sentido, a ORDENANZA municipal núm. 21, Reguladora dos prezos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 3 do 11 de xaneiro de 2012, recolle no artigo 4.1 que *"O establecemento ou o modificación da contía dos prezos públicos, así como dos demais elementos variables das mesmas, salvo que unha lei especial dispoña o contrario, realizarase:*
a) Pola Xunta de Goberno se o Pleno lle delega tal competencia de acordo co disposto no artigo 47 de la TRLRFL."

Logo de ver que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local teñen lugar cada quince días, o segundo e cuarto mércores de cada mes, mentres que as sesións ordinarias do Pleno teñen establecida unha periodicidade bimestral realizándose o segundo xoves de cada mes impar.

Considerando que por operatividade administrativa e a fin de acadar a celeridade

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que permita a tramitación dos procedementos de xeito máis activo e eficaz, PROPONSE ao Pleno da Corporación muncipal a adopción dos seguintes
ACORDOS:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento ou o modificación da contía dos prezos públicos, así como dos demais elementos variables das mesmas.

Conforme o disposto no artigo 9 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público, as resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

De acordo co establecido no artigo 115.c do ROF, corresponderá á Xunta Local a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse contra os actos ditados pola propia Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións delegadas.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo a Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Tráese unha proposta de acordo ao Pleno coa intención de facer máis áxil a xestión do Concello. O establecemento de prezos públicos por parte da Xunta de Goberno Local,. Vou dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia".*

Procede coa lectura da proposta o voceiro do PSdG-PSOE, Ramón Abuín Gómez

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bos días a todos. O seu grupo de goberno non ten a maioría absoluta, nin a Xunta de Goberno ten a representatividade que reflexa o Pleno cas diferentes opcións políticas. O Pleno ten unha periodicidade de dous meses, pero hoxe estamos celebrando un Pleno extraordinario que non garda a periodicidade de dous meses. O Pleno non se celebra cada dous meses, se non que se celebra realmente cando ao señor Castro e ao señor Vicente lles dá a gana. Vostede modifica todos os Plenos, cando lle coincide coas celebracións dos concursos de cans ou calquera outra cousa que para vostede sea máis importante que o concello de Dodro e a súa veciñanza, isto é, calquera cousa que teña que facer vostede. A escusa que trae vostede aquí, non se sostén o máis mínimo. Pode vostede convocar os Plenos extraordinarios que queira, para modificar os prezos públicos. A operatividade*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

administrativa e a celeridade, non ten nada que ver con delegar as funcións de Pleno na Xunta de Goberno".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Este grupo de goberno, non está de acordo cao proposta, consideramos que está ben a a competencia no Pleno, e que sexa aprobada, polo menos , por seis concelleiros e non por tres que son os que conforman a Xunta de goberno, co cal, votaremos en contra."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bos días a todos, efectivamente, no anterior mandato, cando estaba a Unidade Veciñal de Dodro e formaba parte do goberno, a tramitación dos prezos públicos era feita pola Xunta de Goberno Local, despois de que o Pleno delegase a competencia, pero daquela o goberno tiña maioría absoluta e ao que podía aprobar no Pleno, tamén se podía aprobar na Xunta de Goberno, e isto permitíanos que cada 15 días se puidera modificar ou establecer os prezos público, daba igual que os prezos se aprobaran da Xunta de Goberno que en Pleno Municipal. Pero agora é diferente, este goberno non ten maioría e un acordo de modificación de prezos públicos, en principio ten que ser aprobado polo Pleno, segundo consta na proposta, non ten sentido que pase a aprobarse na Xunta de Goberno, na que unicamente están os tres membros do goberno do PSOE, din vostedes na proposta, que este acordo é por operatividade administrativa e a fin de acadar a celeridade que permita a tramitación dos proxectos de xeito máis activo e eficaz, pois miren, os únicos prezos públicos que se estableceron ata agora foron: o Fin de semana das mulleres e a carreira de Lestrobe, que son feitas sempre nas mesmas datas, polo que se pode traer a Pleno dous meses antes, ou mesmo uns días antes so mesmo, se coincide. A celeridade no significa tarde mal e arrastro, como veñen vostedes facendo ata agora, é posible que si os prezos os ten que establecer o Pleno cada dous meses, pois pódese gañar en operatividade, é máis fácil de prever, e si vostedes queren modificar algúns prezos, como os das taxas so polideportivo, a comida dos maiores, as excursións, etc, o normal é que negocien cos outros grupos políticos aquí no Pleno para conseguir maiorías, pero claro, iso ten que ser con tempo. Nós non vemos adecuado que o grupo de goberno estableza prezos públicos cunha minoría como a que teñen, polo que non votaremos a favor de delegar o establecemento lu a modificación dos prezos públicos na Xunta de Goberno ."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Bos días, efectivamente hai unha situación que é o goberno en minoría do Partido*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Socialista e a delegación do establecemento e da modificación de prezos públicos vemos que para este goberno é unha necesidade. Nós, desde logo, desde o BNG, no vemos que sexa un impedimento, que o feito de estar en minoría poida axilizar, como se di na proposta o establecemento dos prezos públicos, si isto evita un punto na orde do día nos Plenos conseguintes, que si isto evite ter unha reunión dun Pleno extraordinario, e a nós parécenos que a delegación é acaida a dereito e que ven ben para que a Xunta de Goberno teña máis axilidade á hora de establecer un prezo público, porque entendemos que eso tamén redunda no beneficio á poboación de Dodro, polo tanto, nós si vamos a apoiar."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois chegado a este punto punto, queres facer unha segunda?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Simplemente indicarlle ao voceiro de XD que é "o do non", como manifestou en anteriores Plenos, e dixo que para el a partir de agora todo é non, xa foi sempre non. Ao PP, á voceira do PP, dicirlle que di que non ve a celeridade e todo eso, pois bueno, haberá actividades, que se dispoñían a facer e haberá que deixalas máis para adiante, pasando o tempo e si se levan a cabo, levaranse e si non, non, e dada a situación de como está o concello. A Unidade Veciñal, xa se ve que cando un non está dispoñible, non se pode contar con eles, pero a dispoñibilidade é por parte deles. E bueno, ao BNG, agradecerlle o sentido do seu voto e nada mais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Imos proceder á votación:"*

Procédese á votación
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro
Votos en contra:7
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO 2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2024/T004/000001
ASUNTO: PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2025
TRÁMITE: PROPOSTA PARA O PLENO MUNICIPAL

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2025, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes da secretaria-interventora de data 04/04/2025 e visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto do que se desprende que a situación é de equilibrio e de cumprimento da regra de gasto.

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1º. Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2025, segundo o seguinte RESUMO:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	Importe
	1. OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	**1,053,667.25**
2	Gastos correntes bens e servizos	**1,458,655.84**
3	Gastos financeiros	**1,000.00**
4	Transferencias corrente	**81,725.68**
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	**0.00**
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	**437,023.27**
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

9	Pasivos financeiros	**75,739.06**
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	**3,107,811.10**

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	**Denominación**	**Importe**
	1. OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	**403,340.07**
2	Impostos indirectos	**70,000.00**
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	**486,397.48**
4	Transferencias correntes	**1,771,503.59**
5	Ingresos patrimoniais	**0.00**
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Alienación de investimentos	**0.00**
7	Transferencias de capital	**376,569.96**
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
9	Pasivos financeiros	**0.00**
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	**3,107,811.10**

2º. Aprobar, igualmente, as Bases de execución do dito orzamento.

3º. Aprobar o Cadro de persoal e o seu anexo, que se transcriben:

A)POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
1.-ESCALA DE HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:					
DENOMINACIÓN	**PRAZAS**	**GRUPO**	**SUBESCALA**	**NIVEL C.D.**	**SITUACIÓN**
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A1	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	28	PROPIEDADE
2.-ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:					

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO	SUBESCALA	NIVEL C.D.	SITUACIÓN
ADMINISTRATIVA	1	C1	ADMINISTRATIVA	20	VACANTE, CUBERTA POR FUNCIONARIA INTERINA
ENCARGADA BIBLIOTECA	1	C1	ADMINISTRATIVA	22	PROPIEDADE
AUXILIAR	1	C2	AUXILIAR	16	VACANTE, CUBERTA POR FUNCIONARIA INTERINA
3.-ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL:					
DENOMINACIÓN	**PRAZAS**	**GRUPO**	**SUBESCALA**	**NIVEL C.D.**	**SITUACIÓN**
TÉCNICA	1	A2	TÉCNICA	24	PROPIEDADE
TRABALLADORA SOCIAL	1	A2	TÉCNICA	23	PROPIEDADE

B)PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	**PRAZAS**	**OBSERVACIÓNS**
OFICIAL CONDUCTOR	1	EN PROPIEDADE
OFICIAL ELECTRICISTA	1	VACANTE
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	3	EN PROPIEDADE
EDUCADORA FAMILIAR	1	EN PROPIEDADE
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	EN PROPIEDADE
OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS	3	2 EN PROPIEDADE 1 VACANTE
LIMPADORA	3	2 EN PROPIEDADE 1 VACANTE
CONSERXE-LIMPADORA	2	EN PROPIEDADE
CONSERXE POLIDEPORTIVO	1	EN PROPIEDADE
TÉCNICO DEPORTIVO	1	EN PROPIEDADE
ANIMADORA CULTURAL	1	EN PROPIEDADE
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	EN PROPIEDADE
ORIENTADORA LABORAL	1	EN PROPIEDADE

4º. Que se expoñan ao público durante o prazo de 15 días hábiles, para os efectos de reclamacións, consonte ao preceptuado no artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o artigo 22.3 do Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria.

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

5º. Que, no suposto de non se presentar reclamacións contra estes, se considerarán definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento, resumido por capítulos, no *Boletín Oficial da Provincia*, xunto co Cadro de persoal, segundo dispón os artigos 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; e, non sendo así, procederase consonte co previsto no número 1 deste último artigo.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por parte da alcaldía elaborouse un proxecto e unha memoria que está a disposición de todos os concelleiros, o portavoz do Partido Socialista vai a facer unha pequena defensa destes orzamentos que se presentan nunha situación complicada para o Concello de Dodro e pasa a explicar o voceiro. Cando queiras Moncho"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Todos dispoñen da memoria da alcaldía e demais documentación para esta Pleno, para aprobar, si se aproba o orzamento de 2025. Destaca, sobre todo no capítulo 2, hai unha variación porcentual de 16,82% e no total 27.62. Nos gastos de persoal, as retribucións do persoal figuran na Relación de postos de traballo e se prevé un incremento retributivo do 2% sobre as bases de retribución e no capítulo 1, dótase de crédito para facer fronte ao longo do 2025, dun previsible incremento retributivo do 0,5 indicado. O concello tamén achegará un total de 235.260,67€ para o Servizo de Axuda no Fogar, modalidade do servizo de dependencia. Indicar aquí que case a metade do custo do Servizo de Axuda no Fogar, os concellos que a competencia sobre o papel non a teñen, so debería de xestionar e non financiar, pero non sucede así, xa veremos os señores da Xunta de Galicia o que piden e o que fan. No servizo de recollida do lixo, increméntanse o crédito previsto con respecto a 2023 prorrogado para o 2024, dado o aumento do canon de SOGAMA. Os gastos financeiros refírense ás comisións das contas bancarias que ten abertas. Logo están as axudas de concorrencia competitiva de subvencións para axuda a escolaridade de 4.000€ e para axudas de emerxencia social outros 4.000 e as subvencións nominativas para o Clube Deportivo Dodro de 3.000€, a Fundación Rosalía de Castro 1.300, ao Clube Ciclista Padronés, 1.200, a AMIPA 500, a Andaina 500 e a Cáritas, 1.000. Á Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza e do Sar a Orixe, 1.000 e para a ANPA de Dodro, 500 e outro ano máis, recóllese o Premio de Eusebio Lorenzo Baleirón, con 2.500€. Eso é todo.*

Indicar tamén que figura, no capitulo de gastos, unha devolución que temos que facer á... bueno, máis ben perdemos un investimento por parte da Deputación, mercede a eses créditos que segundo o voceiro de XD non se tiñan que pagar, pero bueno, cada ano nos van descontando do diñeiro que lle correspondía ao Concello para pagar eses créditos, que para el, non se devolvían. E nada máis."

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Cada vez que o señor Castro se refire á situación económica do Concello de Dodro, ven a dicir que o noso concello está a pasar por unha situación de asfixia económica. Propón vostede unha RPT que vai supoñer un incremento do gasto de case 170.000€. Di na súa memoria da alcaldía que o servizo de Asistencia no Fogar vai supoñer un incremento do gasto de case 190.000€, tan so esas dúas partidas, suman 300.000€ máis, o 12% do orzamento. Pero é que no informe económico de liquidación do orzamento do 2024, recóllese que no ano 2.024 non se cumpriu o obxectivo de estabilidade nin da regra do gasto e o que vostede propón é aumentar o gasto e aínda queda por ver o que pasa coa taxa do lixo. E con que recursos vai financiar este aumento do gasto? Todo isto, ou simplemente isto, é máis que suficiente para non votar este orzamento, pero hai unha razón máis importante para votar en contra do seu orzamento e é a súa catadura moral e a corrupción na que ten sumido a esta Concello, vostede e o señor Abuín. Favores á costa da veciñanza de Dodro, incumprimentos todos os días e a cada paso sen o máis mínimo respecto á lei, obras ilegais promovidas polos propios membros do Goberno, e por riba a súa propia incompetencia. Aí están esas obras da Senda ds mobilidade, do polideportivo, o Centro Social de Lestrobe, tremendo Centro Social que temos aí! Pero bueno, para algo serven: para encherlle os petos a alguén; pero é que vostedes son a inmoralidade e a corrupción personificadas, eso si, excepto para aqueles que como dixo o señor Abuín, agora si se pode falar con eles."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Presentan un presuposto cunhas inversións de 437.000€, todas elas procedentes de subvencións, non inclúen ningunha inversión nova, nada asumido polo concello , nada novo, como sempre. Segundo o anexo de convenios de gasto social firmado polo alcalde, Dodro percibirá este ano da Xunta de Galicia 473.193€ do Plan Concertado, isto fírmao o alcalde, que son 161.500€ máis que o ano pasado. Falaba antes o portavoz do PSOE que a ver canto lle daba a Xunta, pois hai un informe xa nos orzamentos, firmado polo seu compañeiro, onde lle di o que lle van a dar ou que prevé que lle van a dar, 161.500€ máis que o ano pasado. O que ocorre é que no ano 2024, a Xunta de Galia, concedeulle a Dodro un importe de 375.500€, dos cales perderon 61.800€, 46.000 por non xustificar as horas do SAF dependencia 11.000, por non xustificar persoal e 4.650 por non xustificar programas. E a pregunta que ven agora é lóxica, destes 473.000€ que meten vostedes no presuposto, canto van a perder por non xustificar ou por non gastalo? Pero aínda hai máis, porque da subvención dos programas do Concilia Nadal, Concilia Entroido, Escola de verán, Concilia Semana Santa e programas, dos que en teoría, debe de beneficiarse a veciñanza, A Xunta de Galicia concedeulles o ano pasado máis de 46.000€ e tiveron que devolver 18.000€, devolver porque non xustificaron, ou sexa, non gastaron, quen perde? Os*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

veciños. No orzamento deste ano xa non vemos absolutamente nada para os concilias, non sei si é que non os van facer, si os van a costear con outros fondos?, Non entendemos moi ben. Onde están as subvencións as comisións de festas? Porque agora parece ser que lle van a dar algunha actuación da Rede Cultural, en vez sos cartos, ou polo menos é o que se oe. Onde están as axudas para os deportistas destacados? E si a todo isto lle sumamos que a veciñanza perde servizos, perde atención, perde actividades, con este goberno, a veciñanza, dende lo, perde sempre.
Ano tras ano, non foron capaces de executar un orzamento, deixando de executar, incluso algún ano, máis de medio millón de euros, iso sen contar que o ano pasado, nin sequera o tivemos, quedan oito meses para executar o deste ano e iremos vendo, pero polo momento, o que vemos é que vamos tarde e a rastro, esperemos que o deste ano non sirva para entrar en quebra, tal e coma ven augurando o alcalde dende xa fai meses."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Dende a Unidade Veciñal de Dodro sempre estivemos dispostos a negociar uns orzamentos, agora na oposición tamén. Lembrar que durante o tempo que estivemos no goberno, sempre se aprobaron todos os anos, non como agora que xa levan dous anos no goberno sen orzamentos.*
Nos propuxemos unha serie de acordos sobre actuacións, de obras, de actividades culturais, de rehabilitación de rutas etc. no ano 2025 e algunha do POS de 2026 que incluían os Parques Infantís do Bosque e de Tallós e a contestación foi que se crearía unha comisión para o estudo dos parques e que o resto se faría na medida das posibilidades orzamentarias, tan pronto sexa posible. Nada no ano 2025 tal como propoñiamos nos. Todo se retrasaba ate o ano 2026 ou 2027 que era cando este goberno nos prometía as actuacións. Pero quen nos garantía que no ano 2026 se ían aprobar os orzamentos para realizar as actuacións? Lembrar que este ano estamos aquí neste pleno extraordinario para aprobar os orzamentos porque son necesarios para desenvolver a RPT que se vai aprobar a continuación senón dubido moito que fora unha prioridade para este goberno. Non houbo acordo posible.
Unha das petición que fixemos nesa proposta de acordo era renunciar aos 15.000€ do capítulo de publicidade e propaganda e invertelos no Plan Estratéxico de Subvencións para os deportistas, comisións de festas etc. que daba para moito. Non foi tida en conta.
Agora imos falar do documento de orzamentos que nos traen.
En canto ao capítulo de ingresos vemos que no concepto de ICIO, Imposto de construcións, instalación e obras, no ano 2022, o último que se aprobou estando a Unidade Veciñal de Dodro, tíñamos unha estimación de 60.000€ de ingresos e tres anos despois, en 2025, pasa a 70.000€. Este ano que precisamente estase a levar a cabo a obra privada mais importante dos últimos anos neste concello no que sabemos que hai unha inversión de varios millóns de euros en instalacións de maquinaria, obras de urbanización, depuradoras, aperturas de fiestras etc. e polo que preguntamos no último pleno polos títulos habilitantes inexistentes e o alcalde non soubo responder. Poderíamos estar falando de preto de 60.000€ que

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

non se cobrarán a maiores.
Tamén nos ingresos vemos que no servizo de recollida de lixo non nos van a incrementar o imposto pois con respecto ao ano 22 soamente nos incrementan en total 800€, pasan de ingresar case 80.000€ a 80.800 aproximadamente. Vese que non van aplicar a suba de Sogama ou a van a aplicar e non a reflexan nos orzamentos.
Xa no orzamento de gastos vemos que no capítulo 6 de inversións reais, que son as obras de infraestruturas novas, ou reposición das mesmas, bens de uso xeral etc, (por exemplo repoñer postes da luz, luminarias, bacheos ou calquera tipo de obras que teña que facer o concello) hai 437.000€ e no ano 22 había 558.000€. Gustaríanos saber onde se van facer as inversións e cal é o motivo do recorte.
Outro recorte que vemos e que nos chamou a atención é no grupo de protección e mellora do medio ambiente que no ano 22 tiña consignado 103.737€ e este ano pasa a 9.500€ . Tamén nos gustaría saber o motivo deste recorte de case o 90 por cento.
En canto á xestión do patrimonio histórico e artístico do Concello de Dodro unha mostra do pouco interese deste goberno polo mesmo é que durante o ano 2022, o último da Unidade Veciñal de Dodro, había consignados case 6.000€ que se usaban para sinalización do patrimonio, edición de libros, folletos informativos etc este ano deixan 1.500€. Tamén queremos saber en que se van inverter estes 1.500€.
Queremos que nos explique o aumento da asistencia social primaria en 382.000 con respecto ao ano 22. Nese ano a previsión de gasto foi de 694.000€ e este ano pasamos a 1.076.000€. Sabendo que os usuarios non subiron a que se debe este aumento tan grande do gasto?
E finalmente, para que vexan como fai os orzamentos este goberno, no capítulo de enerxía eléctrica de instalacións deportivas, onde o gasto mais grande estaba no campo de fútbol de Chenlo que en xaneiro se lle cambiaron as luminarias por unhas de baixo consumo que se estima un aforro considerable, pois pasa de consignarse un gasto en 2022 de 10.000€ a pasar este ano a consumir 12.000€. Considera o goberno que este ano vai gastar mais en electricidade que en 2022.
En resume uns orzamentos feitos sen ningún criterio, ou co único criterio de poder levar a cabo a RPT. Fallos no capitulo de ingresos onde non se ingresan impostos de ICIO, moi importantes para o concello, grandes recortes nas inversións, recortes en medio ambiente, recortes en patrimonio, sen aceptar as propostas da Unidade Veciñal de Dodro para este ano que de ningún xeito descadraban estes orzamentos. Por todo eso a Unidade Veciñal, vai a votar en contra".

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego".*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Estamos diante un orzamento de 3.107811,10€, é a primeira vez que temos un orzamento desta envergadura en Dodro. Uns vimos aquí sempre, con ganas de que Dodro progrese, fronte aos do non, non ao avance do Concello fronte a negativa de que as persoas sexan tratadas por igual. Da o mesmo que estean ocupando o goberno, que na oposición destrutiva. Co BNG sempre, no goberno*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ou na oposición, sabe todo "quisque" que pódese contar para facer medrar o noso Concello, sen embargo, con outros grupos, que hoxe tamén, coma o BNG, están na oposición, hai sempre dúbidas de para onde e para quen reman. Hai outras persoas que están na oposición, nin sequera se pode contar con elas no Pleno, xa non digamos fóra del. Son votos tirados os de Xente de Dodro, por non serviren para Dodro, por ir en contra de Dodro, coma di orgulloso Valentín Alfonsín, moitas veces en este Pleno. Xente de Dodro, para o Pleno Municipal é coma a tona da laranxa, que todo o mundo se desfai dela pouco a pouco, porque é agre. Van contra os orzamentos porque si, porque non ten nada que lle propor a Dodro, so ruído e menos mal que non está a dereita no goberno, que en vez de alcalde teríamos outra vez alcaide e esa é a diferenza coa actualidade. Este no é un orzamento que propón o BNG, non é un orzamento desexable, pero si sabe este goberno en minoría que para que medre Dodro, pode contar co apoio de BNG, este é un orzamento que leva as modificacións propostas polo BNG e axudas a entidades coma o Clube de Dodro, AMIPA, ou Andaina entre outras, a atención á xente maior, que no é pouca no noso concello, e tamén está ligada a outra mellora, a relación de postos de traballo do persoal de todas as instalacións municipios, que traballan para o nos concello. Pero mom pode ser este punto unha carta aos Reis Magos, tense que cumprir o que oi BNG ven pedindo e Dodro necesita. Comezamos no mandato pasado co asfaltado en quente nas vías de comunicación municipais e así á coma ten que seguir, con melloras nas comunicacións, máis limpeza para as aldeas, iluminación nas marquesiñas e a Casa do Regadío, por suposto. Non pedimos nada novo nin extraordinario para a veciñanza, so así, con esto que demanda a veciñanza e se hai compromiso do equipo de goberno en minoría, o BNG apoiará estos orzamentos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Un segundo turno para o portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Ao voceiro de XD, a incompetencia é a que amosou vostede cando gobernaba, o primeiro que fixo foi destruír, levantou as beirarrúas en Lestrobe, na zona limítrofe con Padrón, desmantelou a Casa do Regadío e poucas máis. Xa sabemos que vostede é o único que fai as cousas ben, exemplo xa o ten vostede persoalmente na súa xestión profesional.*
Ao Partido Popular, moi ben, fala de investimentos, de competencia, máis ou menos, pero, podía indicarme de onde sacamos eses recursos, para atender todas as peticións? Fala tamén, vólvolle a repetir o da Xunta de Galicia, que está su señor Rueda, hoxe precisamente sae na prensa algo coma eso, que os concellos non teñen a competencia nin a obriga sobre papel de xestionar os servizos sociais, é a Xunta de Galicia, pero a Xunta de Galicia, loxicamente, reclámalle ao Estado, o Estado xa llo da para que eles mesmos fagan á súa maneira, os concellos, que paguen eles. No tema de SOGAMA, home!, outro da Xunta de Galicia, asfixiando aos concellos, os concellos terán que subir os impostos... pero xa vemos que por vostedes non vai a ser, non, de onde podemos aprobar a subida do, de calquera, digo do lixo coma de calquera outra cousa, como do da dependencia, tamén, as subvencións as comisións de festas, a deportistas , indubidablemente, aquí houbo tamén de outro grupo que antes

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mencionei, xa aprobaba aquel Plan Estratéxico de Subvencións, si se retiraba o das comisións de festas. Eu creo que sabía ben por quen iba, pero bueno, así si que se equivocou un montón, que non estaba eu, equivocouse un montón, bueno e pouco máis lle podo dicir.
Á Unidade Veciñal de Dodro, compromisos do 2026, como se pode comprometer este goberno para o 2026?, o mesmo que di vostede, teremos que contar cos apoios necesarios, ou agora xa mesmos temos o 2026 á volta da esquina. Si que é interesante os sus investimentos en cultura , en patrimonio e todo eso. Aí case lle dou a razón, vostede mira moito para as pedras e claro, os compromisos para comprometerse este goberno, ten que, de onde sacamos o morrillo para facer eso? Temos o que temos , o POS foi o que se puido facer, ademais, coas súas, vamos ver, propostas súas, a metade, ah e que non se me olvida, que o outro día que quería saír unha noticia da Casa do Regadío, proposta, volvinllo a dicir, que foi unha proposta da Alcaldía que iba no seu programa electoral, igual que o da UVD e igual que o do BNG, e creo que o PP, tamén algo así, non así de Xente de Dodro, que Xente de Dodro, loxicamente, aí, nada, o seu é o non, coma dixen antes. E bueno, o do lixo, que soben tamén o de SOGAMA, que soben os impostos, pero temos que contar cos apoios sus e no solo pensar en cubrición de parques, en mellora de parques, temos unha colectividade infantil moi elevada aquí en Dodro. Primeiro, algún dos parques que propoñían había que comprobar a titularidade dos terreos, hai que ver esa titularidade dos terreos e de outros, que sabemos que non é titular o Concello e intentaremos, si podemos, que o presuposto haberá que aprobalo, si podemos cambiar eses elementos de algún parque para abastecer outros. Un parque, estou falando de un parque que o mesmo portavoz de XD no seu día, instalou nos terreos privados, uns terreos privados, cunha subvención da Deputación, que se podía denunciar, que pasa?, que por el denuncia e adiante, pero quen paga é este goberno, non paga el, como outras cousa máis que fai."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Un segundo turno para todos os participantes. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Dicir que a Casa do Regadío nunca se desmantelou, a Casa do Regadío foi herdada sen permiso de acceso, sen acceso, o que se retiraron foron os aparatos de aire acondicionado, que se empregaron nas escolas unitarias, que no n iñan calefacción. Sobre a xestión, mire, vostede que é unha persoa que leva 30 anos de funcionario no concello e que inicie unha obra, como iniciou, dun auditorio sen licenza e que diga vostede que non sabía que tiña que esperar pola licencia..., bueno,o que terá que explicar e dar conta aos comuneiros quen vai a responder agora deses cartos, porque ven vostede de reclamar á xustiza a legalización dese auditorio, por chamarlle algo, e veñen de lle dicir, que é ilegal ilegalizable, gastouse vostede 90.000€ dos pinos, en todos estos anos, que non houbo outra obra, eso foi o que fixo, bueno, tamén podemos dicir a licenza dalgunha obra, que fixo por aí, coma a do Retablo, que tamén careceu de licenza, a pesar de ser o promotor, porque vostede foi o promotor, vostede foi o que pagou. Obras?, obras é a Senda de mobilidade, que alguén está aínda buscando ese metro a cada lado para a vía dos ciclistas, porque chegan alí e soamente ven a cuneta. Obras?, obras como*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ese Centro Social de Dodro que iba a ser esa gran obra para a aldea de Lestrobe resulta que temos unha casa vella arruinada, coa pancarta que pon: propiedade do concello de Dodro dando vergonza, porque o único que da é vergonza. Fala vostede do parque do Areniño, o parque do Areniño fíxose legalmente, a propiedade estaba cedida, se mal non recordo, e se quere falar de parques, vamos falar de parques, vamos a falar do parque da Devesa, onde está o parque da Devesa? Acáballe de dicir ao señor Vicente da poboación infantil, a poboación infantil da Devesa, sabe vostede que é?que son, 2, 3 1, quizá? Onde está feito o parque infantil da Devesa señor Abuín, onde está?, queremos ver o proxecto de obra, vámolo a pedir, vamos pedir o proxecto de obra, aproveitando que hai unha nova secretaria que seguramente está pola labor, os permisos , o proxecto o orzamento e o pagamento das facturas, vamos a pedir eso, e despois vamos a falar de parques, paro claro está, niso, creo que podemos ao mellor, chegar a algún punto onde nos demostre a que se dedica vostede e a onde foron parar eses cartos. Non teño nada máis que galar de xestión, de xestión quedan os oito anos de goberno nos que fun alcalde,onde se cometeron o maior volume de inversión deste concello e levan vostedes seis anos, seis anos esperando por obras como...que era? A ampliación da estrada da Deputación, non? Que iba a ir dende Rois a aquí, que ian facer beirarrúas, que a Deputación lles iba a traer non sei canto, e cada vez resulta que lle trae menos, esa Deputación que era a súa amiga, e resulta que levan seis anos sin ver absolutamente nada, todo o que reciben de subvención da Deputación en seis anos foron 120.000€. quérolle recordar que en 8 anos , reformouse a escola infantil dúas veces e que todas as estradas de todas as aldeas do concello de Dodro, foron arranxadas, algúns están esperando aínda agora pola súa actuación e polo mantemento de todas esas obras,"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Di vostede que de onde sacan os recursos para as inversións que lle dicimos, home, mire, os que están gobernando son vostedes, non nós, para facer o seu traballo, terían que deixar o sillón libre, sinceramente, non vamos a facer o su traballo se non nos corresponde. Fala vostede de SOGAMA, da subida de SOGAMA que asfixia aos concellos, pero, xa lle dixo aquí un portavoz que practicamente non poñen suba, será porque a Xunta de Galicia asume o 60% desa suba? Sempre e cando reduzan un 1% os residuos?, será por ese motivo, porque cando se contan as cousas, hai que contalas todas, de feito, vostedes están facendo publicidade dese tema, nas redes sociais, nas casas..., entón o que non poden facer é enganar á veciñanza. Din que teñen que asumir unha parte importante das obras do SAF, pero vostede no me escoitou o que lle dixen antes, voulle a repetir, no ano pasado perderon por non xustificar, máis de 61.000€, concretamente, máis de 46.000€ por horas de SAF dependencia, no lle dea á cabeza, señor alcalde, ao pan pan e ao viño, viño e piden máis cartos , para que? Para devolvelo, home é un pouco incoherente, sinceramente, nós seguimos no que lle dixemos, trae un Plan, aquí no mes de decembro, ou fai uns meses, para aprobar, que ademais, conseguiron os votos a favor seos sus amigos, sacaron o Plan adiante, para*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aprobar unhas subvencións a uns deportistas que ademais modificaron, tal e coma lle dixo a Unidade Veciñal, así eles o manifestaron aquí no Pleno, e non as levan no presuposto . Aprobaron unhas axudas ás comisións de festas, que o señor portavoz do PSOE vótalle en cara a Xente de Dodro, pero agora tampouco veñen nos presupostos, home, a verdade é que isto non hai por onde collelo, non , tres pes para un banco. Nós imos a votar en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Simplemente apuntar que non imos a votar a favor porque, evidentemente tivemos negociacións con este goberno, e nós non imos a facer coma outros, de votar a favor, sen mirar os orzamentos, e sin ningún tipo de,... que non se aprobe ningunha actuación que nós pedíamos para o ano 2025. Coma antes, non se comprometeu para nada o goberno con nós en todas as actuacións que pedíamos para o ano 2025 , o único que se comprometía, eran dúas obras do POS que estaban dispostos a levalas no 2026, pero todo o que pedíamos para este ano 2025, que é o ano dos orzamentos, en nada se comprometía, todo quedaba opara o ano 2026, si se podía,ou canto antes, era o único que comprometido que tiñan eles nese momento, para nós. Por non repetirme, aquí vemos que no presuposto de ingresos, o que falábamos antes , a recollida do lixo, non se incrementaba nos orzamentos, non nos dixo por que o aumento da asistencia social, imaxinamos, pero gustaríanos saber porque se aumenta en dous anos, por que se aumenta en 381.000€ respecto ao ano 22, eso no se respondeu, queríamos que nos responderan, evidentemente, para eso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Se acaso insistir, tamén no que dicíamos na primeira intervención, o problema do orzamento Municipal son sempre os cartos e unha das grandes eivas que ten este goberno e o do mandato pasado é xustamente que desde a parte da Xunta de Galicia non nos ten moi en conta, Dodro está moi lonxe sda Xunta de Galicia e aínda por encima está demasiado preto para cargar, unha vez máis, co que é atención de SAF, coma xa ten reivindicado aquí, non soamente este grupo, se non, outros grupos e non so en Dodro, se non en todo o país. Tanto ao grupo de goberno, coma ao resto de portavoces do concello de Dodro, o BNG, non ten ningún interese, nin en paralizar o goberno, nin moito menos, paralizar Dodro, entón, en ese sentido, no que nos manifestemos no principio."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai pechar o portavoz do Partido Socialista esta ronda e despois vou dicir eu algo, que estaba intentando estar calado, pero finalmente creo que hai xente que necesita algún tipo de explicación . Acaba Moncho".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Voceiro de XG, eso dígollo a vostede, oe, canto añora os pinos!, vostede cando se metía*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

24 millóns no bolsillo...., bueno. Despois, que é eso dos 320.000€ que cobrou vostede estando de alcalde? 320.000, a razón se 40.000, oito anos , xa me dirá."

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estiven 5 anos e medio sin soldo."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, bueno, foi a razón de 40.000, xa sabemos que vai moito á misa a mirar o retablo, irá á confesión supoño. Mire, a obra do retablo, non foi proposta, non foi promovida por min, foi promovida por xente da parroquia, por unha comisión da parroquia para restaurar o retablo parroquial. Sabemos que vostede, agora non sube ao púlpito, coma subía anteriormente, que subía alí e explicaba e dicía: non isto non, o retablo este non o queremos, non o queremos. Vostede subiu ao púlpito e quixo agredir a unha persoa e hai testigos, cando baixou, non se acorda, xa sabemos que vostede ten a memoria para o que a ten, e bueno, xa llo dixen así perfectamente. E das subidas de impostos, para eso terémolo que acordar ou nos os tres ou catro, hai máis grupos políticos, hai máis grupos políticos, entón hai que coordinarse cos grupos e intentar a subida, que non podemos facer unilateralmente. O Plan estratéxico de Subvencións, é amosar unhas intencións, pero non hai un acordo, que aí están as subvencións. E volvo a repetir, para pescar hai qu ter miñoca, se non, non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, eu antes de pasar a* [interrompen o voceiro de Unidade Veciñal e do PP], *por favor, mantemos a compostura. Parece que ninguén leu a memoria da Alcaldía, na primeira páxina explícase claramente por que se chega a esta situación. Compártanse os orzamentos que se presentan para o ano 25, cos do ano 23 prorrogados cos do ano 24, que hai que explicar que foi unha situación excepcional. Os gastos de persoal aumentan un 3,6%, practicamente nada, a RPT, en caso de apróballa, aplicaríase despois do 1 de outubro, facendo unha xestión o máis, digamos , económica posible. Os cargos electos seguen como ata agora: só hai un cargo electo que ten unha dedicación parcial. A maior parte, deste aumento vai en persoal da entidade local e agora vai o máis simpático, que é o gasto en bens correntes e servizos, explícase claramente que a Xunta no exercicio 2025 vai a achegar 12 euros por hora para o SAF dependencia; 12 euros por hora e está custando a este Concello 21,88 máis IVE. Hoxe mesmo recibimos unha carta da empresa que prevé un aumento para este ano 2025, de aí a intención deste grupo de goberno de sacar a licitación o contrato do SAF. O Concello de Dodro vai a gastar na atención 235.260,67€, segundo di aquí a Voz de Galicia de hoxe, ademais: "los concellos pagan ya casi la mitad del total servicio de ayuda al hogar. A Xunta de Galicia paga o 29% do prezo da hora, o Estado paga o outro 30% e o 50% págano os concellos de Galicia, e entre eles este, gobernado en minoría polo PSOE, pero outros tamén gobernados en maioría polo Partido Popular que tamén se están queixando desta situación, por moito que aquí veña a portavoz do Partido Popular a contarnos outro conto. No servizo de recollida do lixo aumenta SOGAMA de 68€ a 108€ por tonelada; evidentemente o Concello de Dodro está facendo un esforzo de redución desas toneladas, coma xa fixo dende que chegou. Recórdolle que desde que estamos gobernando os que estamos*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

gobernando, en lugar de aumentar a tonelada que enviamos a SOGAMA estámola reducindo; aínda así, precisamente produto de tela reducido antes de tempo, agora mesmo igual nos costa máis esa redución. Si que é verdade, como vostede moi ben dixo, estamos iniciando unha campaña para que os veciños sexan máis consecuentes e máis responsables e non tiren, non sei, restos de vexetais nos contedores verdes, cousa que poderíamos aquí, dicirlle a máis de un, ou que teñan contedores amarelos nas empresas, cando son para uso, digamos, dos veciños. Tamén falamos de que por parte de Unidade Veciñal se nos acusa de que non modificamos o prezo da SOGAMA; recordarlle, como moi ben lle estaba comentando o portavoz, non, pero explícolle, para unha ordenanza, no se chega este ano, a modificación da ordenanza, non se da feito para o ano 25, efectivamente temos a idea e estamos elaborando unha nova ordenanza, para que no ano 26 se estude un cambio no prezo da taxa da basura, pero en todo caso, sería para o ano 26, que xa digo, vamos a volver a traer aquí, e posiblemente o traiamos antes do que vostede pensa. Sobre as inversión, evidentemente con esta situación que é de estrangulamento da Comunidade Autónoma, sobre os concellos pequenos coma este, sobre a intención deste concello de mellorar a RPT, de mellorar as condicións de traballo de todos os traballadores deste concello, faise un esforzo, neste ano 25 que evidentemente vese reflexado nos orzamentos, é un esforzo or parte de todos, un axuste do gasto importante e un axuste de ingresos tamén moi, moi importante. Aquí vai incluído un novo posto para que todos os veciños teñan o mellor servizo posible no tema das licenzas e no tema de, como vostede dixo, maior vixilancia e maior efectividade no tema de urbanismo municipal. Estes orzamentos son o que no ano 2025, de transición, se poden facer, en eso estábamos, na redación dun acordo, que se lle explicou todo, bastante claramente as posibilidades, está aquí reflexado o que se pode facer este ano. Había un compromiso, por parte deste grupo de goberno, de ter en conta as súas peticións para vindeiros exercicios, pero evidentemente, con esta situación de aumento de gasto do SAF de este ano 2025, con este aumento de SOGAMA, non se podía estirar o pé máis do que da a manta, estes gobernantes que estamos aquí ao fronte deste concello en minoría, pois buscamos a axuda e o apoio do resto das formacións políticas que están máis ou menos, dispostas a dala, con razóns, que poden ser tidas en conta ou non, per que lle quede claro, ao señor Vicente, á señora Boga, ao señor Bautista, so señor Alfonsín, case prefiro no falar, que facémolo coa máxima integridade, copa máxima honradez e co máximo esforzo e a partir de aí, a aprobación destes orzamentos, xa digo, poden servir para uns orzamentos do 26 hasta onde se chegue, que se empece a negociar dende mañá, ou poden servir para calquera outra cousa que estableza a lei. Pouco máis temos que explicar. Vamos proceder, si acaso á votación, e seguimos falando, que hai outro outro máis."

Procédese á votación
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Votos en contra:7
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro
Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Estado Proposta: Non Aprobada

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2022/E004/000001
ASUNTO: MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

A Relación de Postos de Traballo (RPT en diante) do Concello de Dodro vixente, foi aprobada definitivamente en sesión plenaria de data de 21/02/2019 e publicada de xeito completo, ao abeiro do artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 246 de 29/12/2022. No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 66 do 05/04/2019 efectuárase publicación incompleta do citado documento.

Dende a súa aprobación, producíronse cambios substanciais que obrigan á redacción dunha nova que recolle a realidade actual, tal e como se indica nos documentos xustificativos integrantes do expediente.

Elaborado o documento de Relación de Postos de Traballo, foron realizadas sesións da mesa de negociación a fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en datas 06 de marzo de 2025, 14 de marzo de 2025 e 21 de marzo de 2025, das cales sae o documento definitivo de Relación de Postos de Traballo de data 01 de abril de 2025.

Consta memoria xustificativa e memoria económica incorporadas ao expediente, así como informe preceptivo de secretaría-intervención.

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Considerando que se seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno municipal a adopción dos seguintes
ACORDOS

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro.

Segundo.- Expor ao público o mencionado documento, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A modificación da Relación de Postos de Traballo considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia entrando en vigor ao día seguinte da publicación e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

A aprobación definitiva suporá a substitución por este do documento de RPT aprobado polo Pleno en data 21 de febreiro de 2019

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Hai un documento... explícalo ti, Moncho?".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Hai un documento que xa todos os concelleiros teñen no se poder, a Relación de postos de Traballo do Concello de Dodro, onde hai que subliñar a creación dunha praza de arquitecto a tempo completo e tamén incluír na RPT a tres postos que tiña esquecido o anterior alcalde, que para el non existe, aquela famosa, a que está agora en vigor, a RPT de 2019, feita por e para beneficiar a algúns e para prexudicar a moitos, e coma todos teñen a proposta, non teño nada máis que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Supoño que o do resto dos vexetais é polo recheo de Bexo, pero alí non hai restos vexetais. Segundo o escrito do sindicato CSIF, con data 25 de marzo despois da reunión do 21 de marzo, existen desigualdades salariais inxustificadas, diferencias*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

retributivas, disparidade salarial, e apuntase de xeito concreto aos postos de traballo de técnico deportivo, educador familiar, e da traballadora social. Isto para empezar, seguimos coa acta do 6 de marzo, na que se recolle que o señor Castro trasladoulle aos partidos políticos da Corporación Municipal o documento da RPT. Polo visto cansouse vostede de mentir, porque á Xente de Dodro non lle chegou nada. A memoria económica, hai que dicir que a elaboración desta memoria económica debeu resultar un pouco complicada para intentar ocultar e enganar a quen a lea. Realmente a RPT vai supoñer un gasto de 692.000€ e actualmente o gasto é de 563.000€, a subida non é de 82.000€, en absoluto. A subida é nada máis que de 132.000€, un 23%, ao que haberá que sumar a cota da Seguridade Social, o que fai que a cifra total se sitúe ao redor de 168.000€ de aumento, e ven de dicir o señor Castro que non hai cartos, e ven de dicir o señor Castro que a Xunta tería que aportar máis ao Concello de Dodro. Non fai falla. Quere vostede aumentar o gasto anual en 168.000€ pero non é capaz de dicir como se vai financiar ese aumento, e agora, di vostede que hai que retar o custe da praza do arquitecto, ao mesmo tempo que acaba de dicir que nos orzamentos se inclúe a contratación dunha persoa para as licenzas e toda esta historia, a mesma cousa e a contraria, igual que Pedro Sánchez, é incrible, deben de ter vostedes un manual. Vostede, señor Vicente, leva anos dicindo que hai que crear a praza de arquitecto e agora vai e di que non se crea, pero haberá que contemplar ese gasto no orzamento, mentira tras mentira, fraude tras fraude, pero iso non é o peor, o peor é que vostedes tres xunto co señor Vicente, levan gastados máis de 40.000€ en modificar a RPT, esta que é a terceira ou a cuarta que levan feita vostedes xa? E nada máis e nada menos, que pola Universidade de A Coruña, co señor Aymerich, hai que ver que casualidades depara este goberno do PSOE e Unidade Veciñal. E todo isto para que? Pois para cumprir o gusto á secretaria, pero si quere gañar os seus 50.000€, que cos últimos incrementos xa se porá nos 60.000€ , por que non quedou en Boiro? A veciñanza enteira de Dodro adicada única e exclusivamente a financiar os favores do señor Castro, coma se non tivera bastante co señor Abuín. Por certo, sabe vostede cal é a actual secretaria de Boiro? Efectivamente, aquela que lle dicían "contra os teus informes, nós imos facer os nosos". Todo moi feminista, todo na liña dos líderes en prostitución, drogas, fraude, da corrupción moral e económica. Xa o dicía o político francés: cando algo entendas en política "cherchez la femme, cherchez l'argent», pero cos socialistas vai todo xunto, pero para iso todo, sempre lles quedará aquel que dicía que quería ser alcalde, pero logo resultou que todo é mentira, a e por suposto o partido da ocasión ao que o señor Abuín, xa a retratou perfectamente cando dixo agora si se pode falar co PP e é que co señor Abuín, so se pode falar de inmoralidade e corrupción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular:"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Encontramos moitas desigualdades entre os postos e as retribucións do persoal laboral e o persoal funcionario, incluso entre o mesmo persoal laboral, nin sequera están equiparados. É certo que o grupo máis baixo de persoal laboral sufre unha mellora, outros postos, en cambio, sofren agravios moi significativos en relación a outros. Consideramos un agravio as diferencias que existen entre o persoal*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

laboral e o persoal funcionario: unha praza de persoal laboral do grupo II, por exemplo, debería de ter as mesmas retribucións que ten un persoal funcionario do grupo A2 e este non é o caso e así ocorre en todos os postos e en todos os grupos. Estas diferencias salariais existen practicamente con todas as prazas, salvo curiosamente con unha. Non entendemos porque un si e outros non, parécenos unha grave desigualdade entre o persoal laboral e funcionario sobre todo cando realizan as mesmas funcións. Así como non entendemos que o persoal funcionario do mesmo grupo e co mesmo nivel, teñan hasta unha diferencia de máis de 7.000 euros no complemento específico. Quen barema que traballos e que funcións son máis importantes ou de máis responsabilidade, para que un posto sea bastante máis retribuído que outro? Segundo esta RPT, os postos do departamento de Servizos Sociais son unhas das máis prexudicadas, sendo este un dos departamentos máis importantes do Concello, e ademais con unha das cargas máis importantes, digamos. Parécenos incongruente que ao persoal de Servizos Sociais, non se lle asigne un plus de dispoñibilidade por exemplo, xa que en ocasións deben de realizar traballos fóra da xornada ordinaria, sobre todo en caso de urxencia, ou que non se lle asigne un plus de perigosidade, polo risco que asume este persoal, sobre todo en visitas domiciliarias, polo risco que se asume en este sentido, creemos que este plus de perigosidade tamén debe de dotarse as prazas dos operarios de servizos múltiples, polo risco que supón algunhas tarefas que realizan e debemos, pensamos, que se debería de dotar co plus de versatilidade, tamén a este colectivo, igual que a outras prazas porque teñen unha diversidade de funcións asignadas moi variada, este grupo municipal, fixo varias propostas de modificación, no anterior Pleno, para aprobar a RPT, pero son propostas que nin se atenderon, nin se escoitaron, nin se ven reflexadas neste RPT. Solicitamos novamente que a revisen, unha vez máis, que se está gastando en facer a RPTs á súa medida, pero bueno, o que deben de evitar, son desigualdades entre o persoal e agravios comparativos. Nós non estamos de acordo con esta RPT, sobre todo, porque pensamos que prexudica seriamente a varias prazas, e mentres no equiparen a todos por igual, votaremos sempre en contra."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *" Eu antes de empezar queríalle contestar ao portavoz de Xente de Dodro, que parece que a ten tomada comigo, xa que el quita frases, eu tamén vou quitar e voulle a dicir que a intelixencia móstrase na capacidade de gardar silencio cando falan os necios. E agora voulle a falar da RPT. O pasado 8 de febreiro de 2024 a Unidade Veciñal de Dodro votou en contra da modificación nº1 da Relación de Postos de Traballo, que non foi aprobada, porque non recollía as reclamacións das traballadoras e porque as dúas categorías mais altas vían aumentado o salario en 25.000€ mentres que as categorías mais baixas case non se vían apenas afectados polas subas.*
Un mes despois a Unidade Veciñal de Dodro leva ao pleno ordinario de marzo unha proposta para iniciar unha nova modificación da RPT para que se acordara cas traballadoras, co máximo consenso e con total transparencia. Tamén

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

instamos ao alcalde a que explorara a posibilidade de que a nova RPT fora realizada pola universidade e non pola empresa que xa fixera a actual en vixencia realizada polo goberno do PP de Valentín Alfonsín. Todo tal como indica a memoria xustificativa asinada polo alcalde para traer a este Pleno.
O PSOE de Dodro foi o único que votou en contra desta proposta que foi aprobada polo pleno.
Pois despois de votar en contra da proposta da Unidade Veciñal de Dodro, un ano despois, traen hoxe unha realizada pola Universidade da Coruña. Dannos a razón.
Despois de dicirnos, o goberno do PSOE, nos plenos que era necesario aprobar aquela RPT de 2024 antes de que rematara o ano por que corrían perigo varios postos de traballo que non poderían consolidar o emprego no proceso que se estaba a dar, a día de hoxe as traballadoras consolidaron os seus postos de traballo e son empregados fixos e aínda non se aprobou a modificación da RPT.
Tamén tíñamos nos razón: Non era necesario a RPT para consolidar emprego.
Un dos motivos, tamén para votar en contra daquela era que o alcalde estimaba que non era necesario un arquitecto a tempo completo. Agora vemos que nesta que nos traen ao pleno figura un arquitecto á tempo completo. Volven a darnos a razón.
Outra das razóns pola que votamos en contra, como dixemos antes, foi pola excesiva diferencia de suba de salarios entre as distintas categorías. O alcalde tenos dito por activa e por pasiva que era imposible subir os salarios en todas as categorías porque comprometía a estabilidade orzamentaria do concello. Neste proxecto de modificación os salarios das seis categorías mais baixas soben 29.000€. Vese que se podía.
Por exemplo, os postos de conserxe e limpadoras ve aumentado o salario en case 3.000€ anuais mentres na que votamos en contra eran menos de 100€.
As auxiliares de axuda a domicilio, que pasarían a cobrar 690€ anuais a maiores na RPT que votamos en contra, pasan agora a cobrar 4.400€ ó ano mais e recoñecese un complemento de perigosidade e penosidade.
Tamén o técnico deportivo incrementa en 2.000€ o seu soldo e a técnica cultural en 4.500€ anuais e que na anterior se lles reducía o mesmo.
Os operarios de servizos varios, os peóns de obras do concello, na RPT que pretendía aprobar o ano pasado o PSOE de Dodro, baixábanlle o salario anual en 550€, neste se mantén e mesmamente sobe un pouco. Aos técnicos ou oficiais súbelle 1.300€ aproximadamente.
Polo que soubemos, desta vez, a Universidade da Coruña encargada desta modificación, si fixo consultas cas traballadoras e cos seus representantes a diferencia da anterior que non aprobamos na que algunha delas nin sabía que existía a modificación. Tamén nos deron a razón á Unidade Veciñal de Dodro
Que nos dirían as traballadoras, sobre todo os da categorías mais baixas, se naquel pleno de 8 de febreiro de 2024 votáramos a favor, sobre todo despois daquela reunión no salón de plenos á petición da Unidade Veciñal para explicarlle o noso voto?
En resume, o goberno do PSOE de Dodro quería colar unha proposta daquela que beneficiaba solo a unha parte das traballadoras, as das categorías mais altas, e manter ou baixar os salarios das mais baixas e agora coa necesidade dos votos da Unidade Veciñal de Dodro, trae hoxe unha mais axeitada aos intereses de todas os traballadoras.

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Esperamos que se atendan algunhas das reclamacións de algunha traballadora para mellora a RPT."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Estamos diante din documento importante para o persoal municipal, pero tamén é unha ferramenta para o bo funcionamento dos servizos municipais, que non son poucos no concello de Dodro. O goberno do PSOE, deuse conta da importancia do documento, da importancia de escoitar a todos e do resultado que así se obtén, nunca é tarde. Entendemos que esta Relación de Postos de Traballo e máis avanzada e mellor dimensionada, se a comparamos coa do PP do ano 2018. Pedía daquela o BNG, algo parecido ao que temos encima da mesa, un arquitecto e melloras para todo o persoal, ano 2018. Na RPT elaborada despois, aínda que estaba o arquitecto, imprescindible para a veciñanza, seguía sen estar ben dimensionada, e había interese na mellora, polo que traballadores municipais se dirixiran ao BNG. E finalmente isto, o froito dun traballo escoitado e desenvolto con transparencia, acudiron á mesa de negociacións unha representación do persoal municipal e varios sindicatos, como vimos na documentación todos os concelleiros, na relación de postos de traballo do PP, non houbo nen un chío, nin os sindicatos se presentaron; sen embargo, nesta tramitación, si o persoal expresou libremente o seu parecer e entendemos, desde o BNG, que iso é positivo para podermos aprobar, ou non, este documento. Fronte o silencio na era do PP as achegas desta, vemos da Acta da mesa críticas ao documento final, claro, pero tamén desde a mesa, lemos que a representante dos traballadores e traballadoras do Concello, cito textualmente, "emite voto a favor da RPT proposta", inclúe tres novos postos de traballo e incrementa as retribucións salariais de todo o persoal. Ademais dise na mesa, ou perdón, na mesma acta que o punto de partida a relación de postos de traballo do ano 2019, gobernaba o PP, era un escenario de moita precariedade, é unha cita textual da acta, á vez que recoñece o esforzo que fai o Concello de Dodro en esta relación de postos de traballo. Non é polo tanto, un escenario perfecto pero mellora, coma pediu sempre o BNG e coma demandan as traballadoras municipais. Pero desde o BNG, creemos que así mellorarán con ese documento as prestacións a toda a cidadanía de Dodro, que é para o que nós estamos sentados en esta mesa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Grazas. Unha cousa máis antes de pasar á votación. Gustaríame dicirlle a todos os concelleiros aquí presentes unha serie de puntualizacións. Este alcalde non ten nada que ver co posto da secretaria deste Concello, por moito que io señor portavoz de Xente de Dodro se farte de dicir mentiras e calumnias, desde que está sentado na oposición. Non deixa de ser curioso, igual xa as dicía antes, cando gobernaba, pero agora é moito máis evidente. A secretaria deste concello, coma xa se dixo aquí moitas veses, incluso no xulgado, ten a praza que gañou por méritos propios e que lle correspondería por lei, a partir de aí vostede ten que dixerir o que ten que dixerir, que é que a xente de Dodro non o quere, entón non é o alcalde e espero que non o sexa nunca. Sobre o que gastamos ou estamos pagando favores, é outra*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

calumnia máis, pero a calumnia máis grande é que gastamos 41.000€ en RPT, mire, ven aquí vostede, di mentiras, non se molesta nin en mirar unha resolución, no se molesta en mirar unha factura. A RPT que non se conseguiu aprobar aquí no ano 23, recórdolle ao portavoz de Unidade Veciñal, 23 non 24, era unha modificación da RPT do 2019 e custou 4.500€ máis IVE, e esta RPT, da cal conseguimos apartar cartos, porque entendíamos que a do 19 era unha RPT de malas persoas, onde había xente que se lle baixaba o soldo por políticas dun alcalde que en maioría, algúns máis dos que estamos aquí sentados, creo que tamén eran responsables, porque tamén levantaron a man en aquel momento, para aprobar esa RPT do ano 19 que agora tanto nos piden a nós que aumentemos o soldo a todos os traballadores e que fagamos a todos os traballadores funcionarios, recordarlle que naquel momento,un, dous, tres concelleiros dos aquí sentados, votaron a favor dunha RPT que é a que está en vigor e que non contempla todos os postos de traballo e ten mal pagados a unhas traballadoras, polo mero feito dun capricho persoal, e agora veñen aquí a nós a dicirnos como hai que facer as cousas. Pois mire, nós fixemos un esforzo en sacar a do 23, sen moita sorte, máis que nada porque era unha modificación e tiña as limitacións que tiña, como moi ben se explicou; agora mesmo, temos aquí outra encargada por unha entidade, e polo que se ve, lles gustaba máis a máis xente desta Corporación, o cal a min paréceme ben, deixando eso e que enriba, despois de tres reunións, despois de tres reunións, e de tres actas, di na última: "todos os membros.. (bueno procédese tal, tal tal tal), todos os membros da mesa manifestan o seu acordo", incluída unha tal Yolanda Martínez Martinez, representante da central sindical independente de funcionarios CSI-F, que na acta manifestou o su acordo e con unha serie de palabras incluso de convencemento para o resto que era unha boa RPT, tendo en conta nos que se encontraba ela por aí e os que tal, e ademais da lectura tranquila e detallada se ve que esta RPT, custaría neste ano 80.000€, non os 400.000 ou non sei a cantidade que dixo vostede, 600.000 dixo ao principio que custaban as RPT. Vostede séntase aquí, inventa o que di, empeza a dicir tonterías e aquí pensa que lle vamos a crer, a xente xa non o cre. Esta supón un aumento ponderado dun 14,33%, non hai nin un só traballador, nin un só traballador, de todos os que están aquí, que vexa minorado o seu salario, en maior ou menor medida, todos teñen un aumento salarial, xa digo, en maior ou menor medida, xérase, para o que dicía vostede, no grupo II unha igualdade practicamente, 250€ arriba, 250€ abaixo, a suma total para todos os grupo II e habilítase que non haxa grupos III, que son os antigos monitores, agora realmente se lles facilita o ascenso ao nivel I;, quero dicir, isto é unha moi boa RPT, xa digo, por riba co voto a favor de todas as forzas que viñeron aquí, que foron: CSIF, UGT, Comisións Obreiras, a non perdón Comisións Obreiras non veu e a CIG, un representante da CGA e un representante dos traballadores do Concello, unhas eleccións sindicais, que por certo, promoveu desde que son eu alcalde. Dito isto, me parece que queda o suficientemente claro que esta RPT é a mellor para os veciños e as veciñas de Dodro, porque inclúe todos os postos de traballo que farán que o Concello de Dodro avance, que o Concello de Dodro mellore a súa xestión e que mellore os servizos que da aos veciños. Recordo que esta é unha RPT que contempla melloras para os traballadores e melloras para os veciños, creo que ninguén dos que estamos aquí sentados, ou case ninguén, o tiña no seu programa de

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

goberno, modificar a RPT actual e nós si que o tiñamos e o estamos facendo. Dito isto, me parece que procede a votación."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non habendo máis asuntos que tratar, procédese a levantar a sesión."*

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro: *"Quería dicir unha cousa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah si, perdón. Bueno a secretaria, Cristina, fóra de sesión xa, entendo."*

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro: *"Non, quero que conste na acta, entón si se me permite... Como habilitada nacional presente neste Pleno, quería mostrar, loxicamente, o meu absoluto*

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

rexeitamento as palabras de ataque que se acaban de verter, creo que unha vez máis, na miña presenza esta foi a primeira, pero creo que unha vez máis, xa ven de lonxe, por parte do portavoz de Xente de Dodro; entón, bueno, creo que é unha situación que no se pode, que no se debe permitir, por moi afeitos que esteades a escoitalo e simplemente quería que constara en acta isto. Moitas grazas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Agora si, levantamos a sesión."*

Ás 13:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Documento asinado dixitalmente a marxe
María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións no Concello de Dodro
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

Firmado por MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA - ***6833** el día 14/07/2025 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

CVD: lmmoAkbAwY5fCK7f4jJ2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.